

BANDO

Dona MAYRA GARCÍA BERMÚDEZ, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Trabada, FAI SABER:

Que o 7 de xullo do 2022 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Orde a través da cal se regula **o procedemento para o recoñecemento do dereito a préstamos de financiamento de capital circulante en explotacións de gando bovino**, no marco do *Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, cofinanciado polo Feader*.

- **REQUISITOS: Persoas físicas autónomas ou xurídicas**, titulares de explotacións bovinas da Comunidade Autónoma de Galicia que dispoñan dunha resolución individual válida, por parte da Consellería de Medio Rural, de recoñecemento do dereito a un préstamo e o formalicen. Debendo cumprir, ademais, as seguintes condicións:
 - A) A explotación deberá estar inscrita no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.
 - B) Ser pequena e mediana empresa (peme).
- **FINALIDADE DOS PRÉSTAMOS:** Destinaranse exclusivamente ao financiamento do seu activo corrente, entendendo como tal o pagamento de **nóminas dos traballadores, tributos, seguridade social, alugamento, provedores, leasing, acredores por prestación de servizos, reparacións, cotas de débedas bancarias** a longo prazo.

Non poderán ser empregados para financiar investimentos en inmobles, activos financeiros nin para a cancelación anticipada de pasivos bancarios.
- **PRAZO PARA PRESENTAR AS SOLICITUDES: Dende o 8 de xullo ao 7 de agosto de 2022**, tendo en conta que as axudas se tramitarán polo procedemento de concorrencia non competitiva ata esgotar o crédito dispoñible; polo que **se premiará a rapidez para presentar a solicitude**.

- FORMA DE PRESENTACIÓN: **Obrigatoriamente a través de medios electrónicos** mediante o formulario normalizado (Anexo I - Código de procedemento MR553D) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>); **precisando certificado electrónico ou mediante a Chave365.**

- DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA:
 - A) Acreditación da representación, se for o caso.
 - B) Balance e contas de resultados do último ano se son sociedades.
 - C) Anexo II – Autorización á SAECA para obter directamente por medios telemáticos a información que considere precisa para elaborar o informe de viabilidade crediticia.

Para a consulta das bases e da documentación que se deberá presentar coa solicitude así como os gastos subvencionables prema na seguinte ligazón:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220707/AnuncioG0426-270622-0002_gl.pdf

En Trabada, asinado dixitalmente pola Sra. Alcaldesa na data que figura na marxe.